**EXERCICIO DA MATERIA *FILOSOFÍA E CIDADANíA***

Composición: *Da cidadanía nacional á unha cidadanía cosmopolita*

Tratase de redactar unha composición, a modo de ensaio breve (unhas dúas páxinas) con ese título. Preténdese exercitar a capacidade de exposición e argumentación sobre temas filosóficos, así como de estimular a investigación e reflexión persoal favorecendo unha aprendizaxe autónoma, dado que todos os demais exercicios e cuestionarios deixan pouco espazo para iso, polo seu carácter de autoavaliables.

Hai moitas formas e estilos de construír un texto persoal sobre un tema; pero ante todo debe ser unha exposición clara, rigorosa, coherente e ordenada. Para logralo deberás:

- investigar a través dos medios de comunicación, os diferentes problemas que presenta hoxe en día o dereito de cidadanía; sobre todo, cáles son os dereitos dos inmigrantes, traballadores estranxeiros, “sen papeis”, minorías étnicas, etc.
- analizar despois tamén criticamente as diferentes propostas sobre o tema, valorando as achegas positivas así como as súas insuficiencias ou dificultades de aplicación.
- adoptar unha postura ao respecto
- xustifica argumentativamente (aportando razóns) a posición que adoptes.

Como noutras ocasións, pode resultarche útil buscar información en internet, seleccionando e articulando as fontes que che parezan máis solventes (Amnistía internacional e outras ONGs teñen páxinas útiles neste sentido). Ao final do traballo debías citar as fontes que utilizaches para elaboralo.